



## Pola porta do portugués

CATEDRÁTICA DE LINGUAS MODERNAS DA UNIVERSIDADE DE MAINE (EUA). KATHLEEN MARCH

29 XANEIRO 2013 03:49 H.

Alguén preguntou: "Como fixeches túa a lingua galega? Non comprendín a pregunta, que ninguén ma fixera encol de outras linguas. Mais tentarei dar unha resposta, en dúas partes:

Primeira parte. *Entrei pola porta do portugués*. Nin máis nin menos. Que non me digan que non son linguas irmás. Axiña puiden ler textos de Manoel-Antonio, Otero Pedrayo, Herrera Garrido, Pozo Garza, Rosalía. Abriu-se a porta, entón, e na casa galega abundaban persoas dispostas a deixaren-me escoitar a conversa, que non me traducían ao castelán o que dicían, como hoxe fan persoas adultas cos nenos. Entre os primeiros mestres: Ramón Martínez López, X.M. Alvarez Blázquez, X.R. Fandiño Veiga, María do Carmo Kruckenberg, Albina e Ovidio de Santabaia, José Luis Rodríguez, Francisco Rodríguez, Pilar García Negro, Lois Tobío e outros.

Unha estranxeira non aprendería galego se os galegos non o falasen, e moito. Con orgullo (ou orgulleza), se non for parte da identidade da Galiza. Non, parte, non. Minto. A base do país galego está, estivo e estará na súa lingua. Mesmo os estranxeiros sabemos iso. Cumpriría que

os seus políticos ooubesen tamén.

Segunda parte: Unha vez que pasara eu pola porta e atopara sen dificultade con quen falar, a quen escoitar, a quen e que ler, non era preciso ficar dentro. *Mais a lingua, en pouco tempo, fixera-me súa.* Non experta; lonxe diso ando, senón que simplemente non puiden deixar de coñecer o mundo da Galiza - mundo polo que non se pode viaxar sen unha lingua axeitada á conversa, ás lendas, ás lembranzas, á alimentación, ao clima e á lectura.

Entón, e resumindo, atopei-me presa nos aloumiños que daba o país, moitas veces sen saber el que os daba. Non esaxero e non podo ofrecer unha lista completa dos meigallos que me fixo nin das couces que recibín cando as bandas galegas enfrentaban-se e eu no medio. Só inclúo un anaco do engado galego, e que ninguén - *ninguén* - interprete os exemplos como os dunha turista, porque van por outros vieiros.

Santa Escolástica; Ulfe e Trasulfe; Amandi con patacas e ovos fritos; Toxos Outos; o Antroido; un lavadoiro en Cabo, perto de Bertamiráns; a resistencia contra a peste dos ercalitos e as celulosas - as maos que queiman os montes, escribera un camboto -; o Preguntoiro; a confusión e morte de María Balteira; Iain o fotógrafo; a Biblioteca América da USC; os fiunchos; un xantar no Incio; (l)a Gran Enciclopedia Gal(l)ega; o vello local do Seminario do Pai Sarmiento, en Fonseca; Santa Mariña de Augas Santas; poetas, novelistas, contistas que dende 1863 empregan a súa lingua para o pracer dos demais; as leitugas da fachada da catedral; a Mesa pola Normalización; as mámoas e os petróglifos que as empresas nada respectan; a raiba de mulleres e homes que non se deixan castelanizar; certa rúa de Rianxo; a xustiza pola man e pola boca; as pedras e liques da praia de Tal (Muros); o románico.

Galiza. Unha casa ou seica unha nao, pensa como a de Manselle e

capaz de loitar, sempre. Chea de conflitos, traizón, ambición - e de sabores, xentes de valor, política, creatividade. Complexa. Sedutora. Fría e agarimosa. Non, a lingua galega non é miña. Só podo agradecer a xenerosidade e a amizade que me permitiran aló polo ano 1979 entrar pola porta e despois comunicar-me cos que alí estaban.

Obrigadinha.

Fonte: <http://www.sermosgaliza.gal/>  
[data de descarga: 08/02/2016]